



Foro Territorio Rural Resiliente

Mesa 5

Gobernanza e cooperación público-privada
para a ordenación territorial.

Coordina: Fundación RIA

ORGANIZA



COLABORA



RIA



Contido

1.	Obxectivo da mesa de traballo	3
2.	Antecedentes	3
3.	Conceptualización e punto de partida	3
4.	Principais variables relevantes	5
5.	Tendencias e retos.....	5
6.	Boas prácticas.....	6
7.	Preguntas para a mesa	7
8.	Programa da xornada.....	8



1. Obxectivo da mesa de traballo

No marco do **Foro Territorio Rural Resiliente**, a mesa de traballo ‘Gobernanza e cooperación público-privada para a ordenación territorial’ ten como finalidade analizar a capacidade organizativa e de acción conxunta dos diferentes axentes que interveñen na xestión do territorio rural. O proceso de reflexión centrarase na situación actual dos mecanismos de gobernanza e colaboración existentes, nas ferramentas de apoio dispoñibles e nas súas principais limitacións, co propósito de identificar vías de mellora que permitan fortalecer a coordinación entre actores públicos e privados e avanzar cara a un territorio rural máis activo, resiliente e sustentable.

O traballo desenvolvido no marco desta mesa culminará coa elaboración dun documento de conclusións e cunha proposta de accións clave orientadas a reforzar os mecanismos de cooperación territorial. Estes resultados servirán como base para o **Foro Territorio Rural Resiliente**, que terá lugar o 28 de maio de 2026 en Santiago de Compostela.

2. Antecedentes

Este documento pretende establecer un marco de referencia común para orientar a reflexión colectiva da mesa de traballo no contexto do Foro Territorio Rural Resiliente. Non se concibe como un documento de respostas pechadas, senón como unha base de partida que permita identificar cuestións clave, formular preguntas relevantes e situalas nunha análise preliminar da situación actual da gobernanza territorial no medio rural.

A mesa de traballo ‘Gobernanza e cooperación público-privada para a ordenación territorial’ busca implicar activamente a administracións públicas, comunidade científica, empresas, terceiro sector, e cidadanía, nunha iniciativa común para codeseñar estratexias que permitan reforzar a capacidade organizativa dos distintos axentes que xestionan o territorio.

3. Conceptualización e punto de partida

A gobernanza refírese ao conxunto de regras, normas e procedementos que configuran o marco institucional necesario para a interacción efectiva entre os distintos axentes públicos e privados implicados na xestión do territorio. Este marco ten como finalidade facilitar procesos de toma de decisións eficaces, transparentes e baseados na responsabilidade compartida. Neste sentido, a gobernanza non se limita á participación formal de múltiples actores, senón que implica tamén a súa capacidade para actuar de maneira coordinada, asumir responsabilidades e contribuír



activamente á definición e implementación das políticas públicas. A través desta estrutura promóvese un proceso de toma de decisións que ten en conta os intereses dos diferentes actores implicados, garantindo que as políticas públicas se formulen e executen de maneira xusta, equitativa e con elevados niveis de rendición de contas ante a sociedade.

Na práctica, a gobernanza pode materializarse a través de diferentes fórmulas organizativas e institucionais, como mesas de traballo sectoriais, organismos específicos con representación plural ou plataformas de intercambio público-privado. No marco normativo galego existen xa diversos instrumentos que buscan favorecer este tipo de dinámicas no ámbito do medio rural, entre eles o Consello Agrario, o Consello Forestal ou o Comité de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural, así como mesas sectoriais como a Mesa do Leite, a Mesa da Carne, a Mesa da Madeira ou a Mesa de Coordinación do Control da Cadea Alimentaria de Galicia. A estas estruturas súmanse iniciativas promovidas desde o ámbito asociativo e privado que tamén desempeñan un papel relevante na articulación de intereses colectivos, como a Asociación dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia, os Montes Veciñais en Man Común ou diferentes asociacións e clústeres dos sectores agroalimentario e forestal.

Porén, a existencia destes instrumentos non garante por si mesma unha gobernanza plenamente efectiva. A transición cara a modelos territoriais máis sustentables require reforzar sistemas de gobernanza de maior calidade, caracterizados pola súa apertura, flexibilidade e capacidade de adaptación. Neste contexto, a planificación territorial precisa mecanismos que identifiquen con claridade os actores implicados, faciliten a súa participación e reforcen a cooperación interadministrativa e multinivel. Isto supón avanzar cara a unha mellor distribución de roles entre os distintos actores públicos e privados e favorecer políticas e servizos construídos de maneira colaborativa, máis alá das delimitacións estritas das competencias administrativas.

Para avaliar a calidade da gobernanza territorial é necesario considerar varias dimensións complementarias. Entre elas destacan a participación e inclusión efectiva nos procesos de decisión, a confianza institucional e a lexitimidade social das políticas, a cooperación interadministrativa e multinivel, a capacidade técnica e os recursos dispoñibles nos territorios (especialmente nos concellos rurais), así como a transparencia e a rendición de contas das administracións. Xunto a estes aspectos, tamén resulta relevante analizar os resultados territoriais e a coherencia das políticas no tempo, atendendo á continuidade das actuacións, á consolidación de proxectos colaborativos e á evolución de indicadores asociados á resiliencia territorial, como a actividade produtiva, o abandono do territorio ou a incidencia de incendios. Estes criterios



permiten avanzar cara a marcos de avaliación máis claros e útiles para fortalecer os sistemas de gobernanza e orientar con maior eficacia as políticas territoriais.

4. Principais variables relevantes

Para avanzar cara a unha mellora da ordenación territorial e da xestión da terra no medio rural galego, é necesario considerar un conxunto de variables que inflúen directamente na capacidade de organización e cooperación entre actores. De partida, destácanse:

- **Capacidade de coordinación institucional**, especialmente entre os distintos niveis da administración pública e entre políticas sectoriais (agraria, forestal, ambiental, enerxética ou de desenvolvemento local).
- **Grao de participación e implicación dos actores locais**, incluíndo comunidades de montes, cooperativas, empresas, entidades do terceiro sector e cidadanía, xa que a súa implicación facilita a implementación efectiva das políticas no territorio.
- **Dispoñibilidade de instrumentos de xestión da terra**, que permitan mobilizar solo agrario ou forestal infrautilizado e favorecer usos produtivos sostibles.
- **Capacidade técnica e organizativa dos territorios**, particularmente nos concellos rurais, para acceder a financiamento, impulsar proxectos colectivos e xestionar procesos complexos de planificación.
- **Dispoñibilidade de información e sistemas de seguimento**, que permitan avaliar o impacto das políticas territoriais e orientar mellor a toma de decisións.

5. Tendencias e retos

No contexto actual obsérvanse varias tendencias que condicionan a gobernanza e a xestión do territorio rural. Por unha banda, o **abandono progresivo e falta de manexo activo de terras agrarias e forestais**, asociado ao envellecemento da poboación rural e á diminución da actividade produtiva, incrementa o risco de incendios e reduce a resiliencia territorial fronte aos impactos do cambio climático. Ao mesmo tempo, existe unha crecente **demanda social e institucional de modelos de xestión máis participativos e colaborativos**, nos que distintos actores compartan responsabilidades na planificación e xestión do territorio.



Entre os principais retos destacan a necesidade de **superar a fragmentación administrativa e sectorial**, reforzando a cooperación interadministrativa e a coordinación entre políticas públicas; **activar terras en desuso** e promover modelos produtivos sostibles; e **fortalecer a capacidade organizativa das comunidades locais**, facilitando o acceso a recursos, coñecemento técnico e financiamento. Neste escenario, a mellora da gobernanza territorial preséntase como un elemento clave para articular accións colectivas, mobilizar recursos e construír estratexias de desenvolvemento rural máis integradas e adaptadas aos desafíos climáticos e territoriais.

6. Boas prácticas

En Galicia existen diversas experiencias que ilustran o potencial da cooperación entre actores para mellorar a xestión do territorio. Un exemplo destacado son as **comunidades de montes veciñais en man común**, que constitúen un modelo de gobernanza baseado na xestión colectiva do territorio e na toma de decisións democrática a través de procesos assemblearios. Tamén destacan as **cooperativas agrarias**, que permiten organizar a produción, compartir recursos e reforzar a capacidade económica e comercial do sector primario.

Outro caso relevante son os **Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR)**, que actúan como espazos de colaboración entre administracións, sector privado e sociedade civil para definir e implementar estratexias de desenvolvemento territorial adaptadas ás características de cada comarca. No ámbito da mobilización de terras, o **Banco de Terras de Galicia** representa un instrumento de colaboración público-privada orientado a facilitar a posta en produción de parcelas abandonadas, mentres que a **Lei de recuperación da terra agraria de Galicia** introduce ferramentas que buscan activar territorios en desuso a partir de iniciativas promovidas desde o propio territorio.

Fóra de Galicia, tamén existen experiencias relevantes de gobernanza colaborativa, como o **Pacto polo Medio Rural de Asturias**, que reúne administración pública, organizacións empresariais, universidades, entidades locais, cooperativas e organizacións profesionais agrarias nun marco de cooperación para impulsar estratexias compartidas de desenvolvemento rural. Este tipo de iniciativas amosan o potencial dos acordos amplos entre actores institucionais, económicos e sociais para definir políticas territoriais máis coordinadas e con maior capacidade de implementación.



7. Preguntas para a mesa

1. **Que exemplos de cooperación exitosa e sostida no tempo coñecedes en Galicia ou noutros territorios que poderían servir de referencia para ser replicados ou ampliados?**

Trátase de identificar experiencias concretas, tanto políticas públicas como instrumentos, proxectos ou iniciativas, que demostraran capacidade para articular colaboración entre distintos actores, como administracións, sector privado, tecido asociativo ou comunidades locais, e xerar resultados positivos no territorio. O interese céntrase en prácticas que poidan servir de referencia e inspirar procesos semellantes noutros contextos.

2. **Que iniciativas ou propostas coñecedes, estean actualmente en marcha, en fase de deseño ou mesmo aínda non implementadas, que presenten un alto potencial para mellorar a gobernanza territorial?**

O obxectivo é identificar ideas, proxectos ou mecanismos institucionais existentes que poidan contribuír a reforzar a coordinación entre actores, mellorar os procesos de toma de decisións colectivas ou impulsar novas formas de xestión compartida do territorio. O interese céntrase en iniciativas que contén con potencial de desenvolvemento, pero que requiran algún tipo de reforzo (como maior dotación de recursos económicos ou humanos, mellor articulación institucional ou maior difusión) para poder consolidarse e alcanzar un impacto máis amplo.

3. **Que criterios ou indicadores considerades máis axeitados para avaliar a calidade da gobernanza territorial?**

Procúrase reflexionar sobre como medir e valorar a eficacia das estruturas e procesos de gobernanza. Interesa identificar dimensións relevantes, como a participación, a transparencia, a coordinación institucional, a capacidade de implementación ou o impacto territorial, que permitan definir indicadores útiles para avaliar e mellorar os modelos de gobernanza existentes.



8. Programa da xornada. 17/03/2026. 10-14h.

9:45 Recepción de participantes

10:00 Benvida e introdución ao Foro Territorio Rural Resiliente

Apertura da xornada e contextualización do encontro dentro do marco do Foro Territorial. Explicación da xornada e breve quenda de presentación de participantes.

10:45 Presentación do documento base e das respostas ao formulario

Exposición do documento base e dos resultados obtidos a partir do formulario previo. Presentarase a estrutura inicial dos contidos, organizada en tres bloques temáticos segundo as respostas recibidas.

11:15 Pausa café

11:45 Revisión e priorización colectiva das respostas

Sesión participativa na que se revisan e completan os contidos presentados previamente. As persoas participantes debaten sobre as respostas identificadas e proceden a votar aquelas que consideran máis representativas ou relevantes para cada unha das preguntas formuladas. O resultado desta votación permitirá seleccionar os temas que se abordarán nas mesas de debate.

12:30 Grupo de debate

Organización de grupos de debate nos que se analizarán con maior profundidade as cuestións priorizadas. Cada grupo abordará unha das preguntas. O obxectivo é fomentar un debate máis detallado que permita identificar retos, oportunidades e vías de acción.

13:30 Conclusións

Posta en común dos principais resultados das mesas de debate. Cada grupo compartirá brevemente as ideas e reflexións máis relevantes xurdidas durante o traballo colectivo.

14:00 Peche da xornada



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN

ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA